

XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO GALEGUIDADE


Galeguidade, as entidades galegas no exterior no século XXI

A diáspora galega caracterizouse, ao longo dos anos, por manter unha conciencia colectiva moi profunda e solidaria, o que a levou a conformar, nos diversos países de acollida, unha ampla variedade de organizacións. Isto permitiulles manterse unidos, apoiándose en todo os uns aos outros e, á vez, conservar, potenciar e divulgar a cultura propia no destino ao que arribaron.

Unha das características máis salientables da emigración galega foi a fundación, a partir das últimas décadas do século XIX, de institucións que, co nome de “centros galegos” ou “casas de Galicia”, ou con calquera outra denominación que identificase o seu orixe, foron lugar de reunión das galegas e galegos asentados neses lugares aos que emigraran.

As finalidades destas entidades eran de asistencia e instrución, axuda, beneficencia e socorro mutuo, repatriación ou accións sociais e culturais para os galegos residentes neses países. Hai que resaltar que afortunadamente moitos dos galegos na emigración conseguiron prosperar e exerceron un efecto de chamada para moitos dos seus paisanos. Porén, outros non tiveron a mesma fortuna e precisaban das axudas destas entidades. Non cabe sinalar aquí o que no plano individual representou a emigración, pero si o formidable labor social en prol dos seus compatriotas e das súas comunidades de orixe.

As primeiras entidades galegas xurdiron naqueles lugares nos que a emigración era máis numerosa, o paso do tempo fixo que algunhas delas desapareceran e outras souberan adaptarse a novas circunstancias, fusionándose para emerxer convertidas en comunidades máis poderosas.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO GALEGUIDADE


Así, as primeiras xurdiron en Uruguai, Cuba, Arxentina, México, pero tamén en España como no País Vasco, Cataluña ou Madrid. En todos estes lugares hai institucións que cumpriron máis de 100 anos de existencia e algunha está preto do século e medio de vida activa.

A emigración a Venezuela tivo o seu auxe nos anos 50 do século pasado, cunha importante chegada dos nosos emigrantes que rapidamente se constituíron nunha das comunidades máis numerosas. O mesmo ocorreu coa emigración a Europa, Reino Unido, Francia, Alemaña e Suíza foron os países que albergaron a maioría dos nosos paisanos, e sobre todo Alemaña e Suíza, onde se crearon o maior número de institucións galegas.

As características, a situación e a evolución das nosas entidades foron moi diferentes dependendo de numerosos factores que condicionaron a súa vida a través dos anos.

Desde o ano 1879, cando se conformou o primeiro centro galego do mundo na cidade de Montevideo, o asociacionismo da Galicia exterior afrontou grandes retos: graves crises nos países de acollida; importante diminución da poboación emigrante, especialmente cara a América Latina; divisións internas, e outros máis. Non obstante, a forza da identidade que lograron os galegos e as galegas no exterior permitiulles continuar adiante e liquidar a maioría deses obstáculos.

O enorme desenvolvemento que tiveron as nosas entidades en América é digno de resaltar, non só polo seu número, senón pola súa prosperidade, que as levou a acumular un importantísimo patrimonio arquitectónico e cultural e, quizais o máis importante, a manter a idiosincrasia, os costumes e o amor a Galicia durante todos estes anos. Desgraciadamente, as circunstancias



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019


RELATORIO GALEGUIDADE

políticas e sociais, primeiro en Cuba, posteriormente en Arxentina e agora en Venezuela, así como a crise económica, cambiaron de forma espectacular a súa situación.

Durante moitos anos, os nosos centros mantiveron a súa vida de forma independente, unicamente con relacións de boa amizade e compartindo algunhas das súas actividades coas máis próximas xeograficamente falando. Pero, no ano 1968, a iniciativa da Oficina de América na Coruña, reúnense en Ourense vinte e un centros galegos da Arxentina, Brasil, Cuba, Chile, México, Uruguai, Venezuela e España, baixo a presidencia de don Eduardo Blanco Amor e constitúen a Federación Mundial de Sociedades Galegas. A súa finalidade é tratar de forma conxunta os problemas da emigración e dos centros galegos e está aberta á incorporación de novas entidades nas que nos seus fins estatutarios figure “honrar ou exaltar Galicia”.

Esta federación foi ampliando os seus asociados e con reunións plenarias cada dous anos mantívose ata 1986, en que cesa nas súas actividades debido a que, en xullo de 1985, o Goberno autonómico de Galicia, presidido por don Gerardo Fernández Albor, convoca en Santiago de Compostela o I Consello de Comunidades Galegas.

Coa instauración en España dos gobernos autonómicos, en 1981 aprobouse o vixente Estatuto de autonomía de Galicia que, no seu título preliminar, destaca a importancia da emigración e establece que as comunidades galegas asentadas fóra de Galicia poidan solicitar o recoñecemento da súa galeguidade e que tal recoñecemento lles dá dereito a colaborar e a compartir a vida social e cultural do pobo galego, o que se regulará mediante unha lei do Parlamento.




XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO GALEGUIDADE

A Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galeguidade e a posterior normativa de desenvolvemento fixaron o marco legal para que a comunidades galegas asentadas fóra de Galicia establecesen as súas relacións coa sociedade galega e coa Administración autonómica. No marco desta lei, no seu artigo 13, créase o Consello de Comunidades Galegas, con carácter deliberante, de funcións consultivas e de asesoramento das institucións da Comunidade autónoma. Así mesmo, o artigo 15 recolle a creación do Rexistro de Comunidades Galegas asentadas fóra de Galicia e a disposición adicional sinala que, para cumprir os seus fins, se establece unha partida específica nos orzamentos xerais da comunidade autónoma. O Decreto 4/1987, do 8 de xaneiro, aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas. Establécese que haberá un plenario cada tres anos e unha comisión delegada que se reunirá anualmente entre plenarios.

No terceiro plenario celebrado na Toxa, en 1991, apróbase un relatorio que establece unha serie de axudas para as comunidades galegas no exterior. Esta proposta foi asumida polo Goberno galego e, desde entón, fóronse incrementando progresivamente, en número e en dotación orzamentaria, as axudas que se convocan anualmente.

Nos trinta últimos anos, a evolución da sociedade, a economía e as novas tecnoloxías da comunicación e da información modificaron dunha forma extraordinaria a vida da cidadanía e tamén das nosas entidades no exterior. Se a iso unimos o descenso da emigración galega e o retorno dalgúns dos nosos paisanos, atopámonos cunha situación que non favorece para nada o devir das nosas institucións. Algunhas delas sobreviven nestes momentos grazas ás axudas que cada ano reciben do Goberno de Galicia a través da Secretaría Xeral da Emigración.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019


RELATORIO GALEGUIDADE

A chegada ao século XXI, por tanto, non estivo exenta de desafíos para as entidades galegas no exterior. Moitos dos países nos que están asentadas estas organizacións, en América Latina fundamentalmente, sufriron e sofren profundos problemas sociais, políticos e económicos e tamén o aspecto demográfico, referido a colectividade galega asentada na súa área de influencia, é outro dos temas que debe ter moi presente o asociacionismo galego da diáspora. É fundamental deseñar políticas e programas que teñan en conta as necesidades dos diversos tipos de poboación que fan vida nas entidades galegas. Por exemplo, a poboación de adultos maiores, como grupo vulnerable ante o cal hai que tomar medidas específicas de atención de necesidades fundamentais, como as de saúde, alimentación, coidado, atención e calidade de vida.

Por suposto, tamén merecen unha especial atención os mozos, cuxo contacto coa Galicia territorial moitas veces é escaso. É prioritario involucralos con programas formativos, culturais, deportivos e de lecer que aseguren unha vía de contacto e coñecemento do que foi e é Galicia, do seu idioma e das súas tradicións, costumes e identidade.

Por todo isto, faise necesario ver a situación das nosas comunidades no exterior e tratar de poñer, na medida en que sexa posible, os medios adecuados para que non se produza unha perda irremparable do noso patrimonio.

Os datos que nos proporciona o Instituto Nacional de Estatística sinalan o descenso dos residentes nados en Galicia na maioría dos países nos que se asentan gran parte das nosas comunidades. Caída que se ve compensada polo incremento de galegos descendentes, xa de segunda ou terceira xeración.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO GALEGUIDADE

Os socios dos nosos centros presentan unha alta media de idade e a nosa gran preocupación debe ser facilitar a desexada renovación xeracional, que adoita lograrse naquelas entidades que teñen grupos folclóricos ou equipos deportivos, e que, nunha importante porcentaxe, están integrados por mozos e mozas que non son galegos.


A nova Lei 7/2013 de galeguidade, na súa exposición de motivos, sinala que “un dos fenómenos que caracterizan, de forma xenérica, as comunidades galegas na actualidade é o proceso de envellecemento dos seus asociados e, en numerosos casos, o proceso desembocará a curto ou medio prazo na desaparición das propias entidades galegas”.

Promove esta lei a unión ou fusión de entidades galegas para fortalecer, a través da unión patrimonial e dos seus socios, as propias entidades e tamén para protexer o patrimonio galego, en especial o cultural. Desde a súa promulgación, xa se levaron a cabo varias destas unións entre entidades galegas en América e en España.

Nunha recensión sobre a celebración do 140 aniversario do Centro Galego de Montevideo, recóllense unhas declaracións dun membro da colectividade nas que sinala como van diminuindo as entidades galegas en Uruguai. “En 1950 había vinte sociedades galegas e hoxe só hai doce”. **Pero aquí convén facer unha pregunta: que é o relevante, a cantidade ou a fortaleza e calidade das nosas entidades?**

Santiago de Compostela, 3 e 4 de decembro de 2019

A situación en Venezuela é diferente, a súa emigración non é tan antiga e é das poucas que non teñen problema, de momento, coa renovación xeracional. Os seus atrancos veñen derivados máis pola súa situación política que está a



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO GALEGUIDADE


levar o país a un enfrontamento e a unha pobreza que fai que moitos pensen no retorno. Ademais, as circunstancias fan difícil poder prestarlle axuda.

En América do Norte, Canadá, México e nos Estados Unidos, non se presentan os problemas económicos que antes sinalamos, pero si unha diminución da emigración.

En América central, a emigración e as comunidades galegas céntranse fundamentalmente en Cuba, aquí quizais sexa onde o envellecemento da poboación galega se fai máis evidente e onde as axudas individuais son máis numerosas e necesarias, xunto coa Arxentina. A situación política desde finais dos anos sesenta do pasado século fixo que o que poderíamos considerar a “xoia da coroa” estea na situación actual.

En España, das máis de sesenta entidades que figuran no Rexistro da Galeguidade, só vinte e oito conservan a cualificación de comunidade galega e doce a de centro colaborador da galeguidade. O gran problema é a renovación xeracional e a diminución da chegada de galegos a determinadas zonas, quizais polas normativas autonómicas que impiden a mobilidade de funcionarios, xunto ao retorno a Galicia dun importante número de persoas que alcanzada a idade de xubilación, volven aos seus lugares de orixe. En moitas das nosas entidades ponse de manifesto que nas súas actividades a presenza de mozos e mozas é apenas testemuñal.

Unha vez coñecido o problema das nosas comunidades no exterior, tocaría buscar as solucións e correspóndenos a todos e a todas colaborar nesta difícil tarefa. **¿Como se pode facer?** Esta é a gran pregunta e non é doada de responder.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO GALEGUIDADE


Unha estratexia de emigración en Galicia

A Estratexia de Emigración 2020 inclúe 102 medidas, cun orzamento de máis de 26 millóns de euros. Os obxectivos máis destacables deste documento son: reforzar as axudas para cubrir as necesidades básicas aos galegos do exterior; afianzar os vínculos cos galegos do exterior pondo o foco nos mozos, que son o mellor vehículo par a proxección exterior de Galicia e tamén para fomentar o seu retorno; ratificar a importancia das entidades galegas como principais ferramentas de divulgación da marca Galicia e de execución dos programas tanto sociais como culturais da Xunta no exterior, e potencialas coa súa actualización tecnolóxica, a través das TIC, e social, reforzando o papel da mocidade no seus órganos decisorios e, por último, crear ferramentas máis eficaces de protección do patrimonio cultural.

Reforzando esta relación cos máis de medio millón de galegos que viven no estranxeiro, unha cifra que crece cada día a pesar da diminución do número de emigrantes, grazas aos seus descendentes, e que hoxe supón que un de cada seis galegos viva fóra das nosas fronteiras, é esencial colocar a Galicia nun lugar privilexiado cando se trata de aumentar as cifras de rendemento. Isto evidénciase nos datos de 2018, no que o saldo migratorio positivo co estranxeiro (12.884 persoas), case dobra o do ano anterior (6.884 persoas).

Medidas destacadas


1. Ampliar os acordos coas entidades, para a xestión dun maior número de países, da Tarxeta Galicia Saúde Exterior, para as estancias temporais en Galicia.
2. Colaborar con entidades galegas no exterior para o mantemento e a implementación de centros de día ou fogares de anciáns pensados para as persoas maiores en países con sistemas deficientes de protección pública.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO GALEGUIDADE

3. Fortalecer os vínculos da mocidade residente no exterior con Galicia a través dos programas Conecta con Galicia, Aventúrate, campus deportivos, actividades deportivas e campos de traballo. Temos que motivalos e preparalos para que participen na xestión e dirección das entidades galegas dos seus países de residencia.
4. Crear a Tarxeta Xuventude Exterior para que poidan beneficiarse das vantaxes de ser mozos e galegos, mentres aínda viven no estranxeiro, nas estancias en Galicia e no resto de Europa.
5. Promover a presenza e o peso das mulleres tanto nas bases coma nos órganos de goberno das entidades galegas no exterior.
6. Mellorar as entidades, que son as nosas principais ferramentas para chegar aos galegos do exterior. Isto é necesario non só para preparar o alívio xeracional, senón tamén para a súa actualización tecnolóxica mediante o uso das TIC.
7. Crear novas ferramentas para intensificar a defensa do noso patrimonio cultural que está fóra das nosas fronteiras. Fundar un centro de referencia para a emigración e executar o Plan Director para a protección do patrimonio das comunidades galegas no exterior.
8. Apoiar, mediante accións conxuntas dos centros galegos e das asociacións de empresarios galegos do exterior, actividades de promoción externa que desenvolven a Xunta de Galicia ou o Goberno de España, e nas que participan empresas galegas, co fin de exportar os nosos produtos.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO GALEGUIDADE

9. Reforzar o traballo das entidades na promoción da gastronomía galega, formando os seus cociñeiros e demais persoal nas últimas tendencias do sector, co fin de que Galicia se consolide no lugar que lle corresponde no panorama internacional como referencia.


10. Reforzar axudas para gastos de funcionamento e actividades culturais, para infraestruturas e equipamento. Este é un programa que poden solicitar todas as comunidades e que lles permite a algunhas manterse. Antes estaban separados funcionamento e actividades culturais e quizais deberían de seguir como dous programas diferentes, co fin de incrementar as axudas a estas actividades.

Así pois, a Secretaría Xeral da Emigración implementou numerosas axudas para paliar os problemas económicos dos centros e na súa Estratexia Emigración 2020 plásmanse unha serie de obxectivos e accións para dar resposta aos novos retos da galeguidade no século XXI. A súa intención é incrementar a eficacia dos recursos e dos servizos destinados à poboación emigrante galega e ás súas comunidades.

As entidades galegas no século XXI en canto ao seu funcionamento interno

O funcionamento interno das entidades galegas, a súa capacidade para enfrontar e resolver problemas, a participación dos integrantes destas organizacións, a consolidación dos seus programas e proxectos son retos importantes para este século que corre.

A maioría das entidades galegas, se non todas, pasan xa do medio centenar de anos e esa circunstancia, aínda que denota éxito na superación de



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO GALEGUIDADE

problemas, tamén pode supoñer unha barreira para a innovación e a creatividade.

Na actualidade, incentívase a participación da xuventude e das mulleres na vida e na xestión das entidades. O feito de involucrar as mozas e os mozos e de atraelos ás nosas entidades é o gran reto de cara ao futuro, é o problema principal da inmensa maioría das nosas comunidades e, en xeral, de todas as asociacións culturais en case todos os países, pero non conseguimos dar coa tecla que o consiga.


A modernización dos procesos de xestión, o feito de facilitar a incorporación das entidades ás novas tecnoloxías da información e de organizar actividades formativas e atractivas para socios e persoas alleas ás entidades, pero interesadas na nosa cultura, seguen sendo obxectivos das nosas institucións.

En España, practicamente todas as xestións coa Administración hai que facelas por vía telemática, o que en moitas ocasións é un verdadeiro problema pola falta de costume e, ás veces, de medios. O traballo administrativo para as comunidades, orixinado na súa relación coa Administración de Galicia, debe ser o mínimo necesario e, ademais, ha de ser fácil de realizar.

Neste ámbito interno, debemos propoñer accións que poidan impulsar o desenvolvemento de todo o potencial co que contan as entidades galegas, promovendo debates que xeren consensos para a súa organización e funcionamento, coa finalidade de brindarlles fortaleza e continuidade.

A entidades galegas no século XXI e a súa relación co país de acollida

A galeguidade é a esencia das diversas organizacións de galegos no exterior. Un dos alicerces fundamentais da existencia das entidades é a divulgación da



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO GALEGUIDADE

cultura, tradicións e costumes do pobo galego nos países de destino. Convén salientar tamén a achega que o asociacionismo galego fixo e fai ás comunidades nas que está establecido, e non en poucas ocasións, a súa relación co entorno, é un desafío para a organización das súas actividades.


Sería moi interesante as entidades fixesen campañas de captación de socios galegos nas súas áreas de influencia, xa que residen moitos máis nesas zonas ca os que son socios das entidades. Coa colaboración da Xunta de Galicia na elaboración e/ou no deseño de mensaxes e contidos universais para apoiar as comunidades galegas, podería facerse un importante labor de promoción e difusión no seu ámbito de acción, co fin de chegar a eses galegos ou simpatizantes de Galicia que agora non forman parte das nosas comunidades. Ademais dos socios activos integrados no centro, podería dispoñerse dun censo de simpatizantes non activos que, coñecedores dos principios e valores que inspiran á entidade, participen das actividades e accións que organice.

As entidades galegas no século XXI e a súa relación coa Galicia territorial

As entidades galegas do exterior manteñen un forte vínculo coa Galicia territorial, o que se establece con éxito a través da institucionalidade propia do país. A relación coa Xunta de Galicia, coas deputacións e alcaldías, co Parlamento de Galicia e coa ampla diversidade de organizacións non gobernamentais é primordial para conseguir unha adecuada xestión dos centros galegos que permite darlle seguimento á evolución cultural, política, económica e social que se está dando en Galicia.

Santiago de Compostela, 3 e 4 de decembro de 2019

Neste sentido, desde hai algún tempo, nas deliberacións levadas a cabo no seo da Comisión Delegada, propúxose que nos programas dos estudos de educación secundaria en Galicia se inclúsen contidos sobre a historia da emigración, co fin de que a mocidade galega coñecese e valorase o importante



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 y 4 de decembro de 2019

RELATORIO GALEGUIDADE

papel da emigración na historia de Galicia. O Parlamento de Galicia rubricou recentemente a inigualable traxectoria da comunidade galega no exterior e concedeulle á emigración galega a Medalla do Parlamento de Galicia. Neste acto, e ante os máis altos representantes da Galicia territorial, reiterouse esa petición para a implantación da materia de emigración en currículos de ensino obrigatorio en Galicia, por ser de xustiza e porque quizais así, co coñecemento, se consiga que algúns destes mozos se poidan involucrar, nun futuro, na vida das comunidades galegas.

Desde hai moitísimos anos, vimos dicindo que Galicia ten numerosas embaixadas no mundo, que son as nosas comunidades galegas, polo que debería existir unha colaboración permanente entre elas e as entidades públicas e privadas de Galicia, que na realidade non se producen, en moitos casos, con toda a intensidade que debería.

A promoción turística, cultural ou empresarial de Galicia debe facerse contando coa colaboración das nosas comunidades do exterior, de forma que a relación con elas non sexa unha excepción. A próxima celebración do Xacobeo 2021 sería unha boa ocasión para coordinar de forma axeitada esta colaboración, que non deberiamos desaproveitar.

Convidados á redacción do Relatorio:

Delegación de la Xunta de Galicia en Argentina y Uruguay, Alejandro López Dobarro

Asociación Civil Hijos del Ayuntamiento de Zas, Beatriz Carballo Regueira

Asociación Cultural ASC – "As Xeitosiñas" de Zurich, José Gil Doval

Centro Gallego de Salamanca, José Ignacio Paz Bouza

Hermanidad Gallega de Venezuela, José Antonio Alejandro González